



## *Do arcano voo da transparencia*

Javier Rodríguez González, *elcercano.com*, Ourense, 54 pp.

Comezarei coa presentación do autor, servíndome da que hai poucos meses me achegaba o noso conselleiro Ramón Cao: «Un bo amigo, ourensán, obtivo este ano o premio de poesía de *El Cercano* co poemario *O arcano voo da transparencia*. Colaborou hai pouco en *Encrucillada*, recensionando *La noche oscura y otros etcéteras*. Antes, con *Cite-rea*, acadou o Leiras Pulpeiro 2019, e máis recentemente, este en castelán, o Premio Miguel Hernández. Paréceme autor, pese á súa xuventude, dunha obra prometedor e valiosa, á marxe dos seus galardóns, e aínda un descoñecido para a minoría lectora.»

Como rápida aproximación ao contido do libro, coido moi axeitada a nota que se nos ofrece na contra cuberta. Velaquí unha parte dela: «Nesta ocasión, a ensimesmada ollada

de Lady of Shalott serve como punto de partida, nunha écfrase heterodoxa e libérrima, para unha aventura poética que é, ao mesmo tempo, un intenso soliloquio existencial. A indagación na dialéctica entre a destrución e a forza redentora da beleza, a plenitude e a trágica conciencia da fugacidade terreal, a reflexión sobre os lindes do proceso creativo configuran un discurso proteico e persoal.»

Coido así mesmo fina e ceiteira a análise que Luís Alonso Girgado fai da obra nun prólogo sorprendido e entusiasmado. Refírese, por exemplo, á ollada visionaria e irracional, a un «esplendor verbal que ascende a numerosos cumios de plenitude expresiva», á «permanente confrontación de contrarios» e á «perceptible riqueza léxica». Detense nomeadamente «na voz magoada da falante poética, (...)